



PRIMEIRA MENSAXE Á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Benqueridos irmáns e amigos que peregrinades nesa xa benquerida Igrexa diocesana de Mondoñedo-Ferrol:

Desde que me comunicaron o desexo do papa Francisco de que servira, a través do ministerio da unidade, nese querido anaco do Pobo de Deus, o meu corazón e o meu pensamento están xa moi cerca de vós. Quero estar xa moi unido a todos e a cada un, cregos, relixiosos, vida contemplativa, seminaristas, leigos que participades na vida parroquial e diocesana, membros dos movementos, confrarías e grupos apostólicos, voluntarios e axentes de Cáritas, misioneiros, cristiáns, homes do mar e do mundo rural, cidadáns que habitades esas terras periféricas e tan diversas que, na súa beleza, indican a marabilla da casa común que habitamos... Sentídemme un irmán maior que quere participar dos vosos gozos e esperanza, dores e sufrimentos individuais e sociais. Considerádeme un pai e amigo que quere compartir convosco o gozo e a ledicia da fe, o entusiasmo de continuar o proxecto de Xesús, a ilusión de facer realidade o Reino de Deus entre nós, especialmente entre os máis pobres. É o meu desexo que todos, desde a pluralidade e a diversidade de carismas e de sensibilidades, nos sintamos convocados a participar e a vivir nesta nova etapa evanxelizadora á que nos invita o papa Francisco.

A nosa sociedade é complexa e moi diversa da que coñecemos. A postpandemia tamén nos chama a un cambio de mentalidade. A crise non nos debeu deixar iguais, senón que nos tivo que cambiar facéndonos máis sensibles uns de outros, descubrindo a urxencia do coidado e da fraternidade como xeitos especiais de vivir hoxe o Evanxeo. Vivimos momentos onde é preciso xerar moita esperanza e ilusión. Para iso contamos coa experiencia da Pascua, a vida nova que Xesús nos regala, xera e comparte abundantemente. Os pobres, atribulados, os enfermos, os que non atopan sentido á vida, os que están sós, os velliños... son os que percibirán, máis cá ninguén, esta boa nova que hoxe queremos seguir compartindo. A nosa Igrexa ten que ser “hospital de campaña”, Igrexa “pobre e para os pobres”.

Nesta chamada, unha vez máis sinto en min a fragilidade da misión de servizo que se me encomenda. Como sempre, percibo que é o Señor o que me volve a pedir saír, pasar á outra beira, deixar tantas cousas, vivir esta expropiación... Unha vez máis estou convencido de que é El quen me sostén, quen me leva da man, me guía e segue levando os meus pasos e a niña historia cara a plenitude da alegría. Así o percibo cando boto una ollada atrás e descubro os camiños polos que me conduciu e acompañou: camiños nunca pensados, nin soñados, nin imaxinados e, desde logo, nunca buscados. Desde esta certeza, hoxe sígome sentindo un neno pequeno, barro fráxil nas mans de alguén, que vai facendo e construíndo a súa obra, agora nunha nova misión.

Vós sabedes ben que a Igrexa de Mondoñedo-Ferrol é una comunidade de cristiáns cunha longa tradición e profundas raíces. A súa vontade de ser sementadores do Evanxeo de Xesús sóboa alimentar a carón do bispo san Rosendo e da devoción á Virxe dos Remedios, a quen me acollo e consagro o meu ministerio episcopal. Tamén o Camiño de Santiago, tan vencellado coa niña querida cidade de Burgos, con todo o que significa, configúranos nunha espiritualidade de camiñantes, peregrinos que acollen, desprendidos en clave de austeridade, que comparten con outros a viaxe da vida...

Agradezo a tarefa do administrador diocesano D. Antonio Valín e de Mons. Luis Ángel de las Heras, o meu antecesor. Eles son os primeiros rostros cercanos doutros moitos que espero coñecer e querer e que me falaron dunha comunidade que vive e está en clave de conversión pastoral. Desde a sinodalidade que vai presidir toda a nosa Igrexa, únome xa a todo este proxecto misionero sentíndome discípulo e irmán de cada un de vós. A tarefa do pastor é alentar, acompañar, coñecer, coidar, amar, discernir,... a iso quero adicar xa todo o meu ser e o meu tempo. Estou seguro de que xuntos, coa forza do Espírito, poderemos enfortecer as nosas comunidades, promover o encontro con Xesús, coidar a vida comunitaria, transmitir a fe ás novas xeracións, e sentírmonos misioneros e acompañantes deste sociedade que tanto precisa de esperanza, ilusión e boas novas.

O meu saúdo tamén a todos os que tendes responsabilidade na vida pública nesas terras galegas. Xuntos estamos comprometidos na construción do ben común desde a diversidade de empeños. Na colaboración e mutuo respecto, teño a certeza de que son os últimos os que consiguen maior beneficio.

Para rematar un último desexo: non deixedes de rezar por min. Sei que durante estes meses estivesdes pedindo un pastor a imaxe do Bo Pastor. Pídvos que o sigades a facer. E axudádeme nesta tarefa que estreo, desde a corrección fraterna, para que poida ser un instrumento bo nas mans de Deus.

Sentídemme xa como irmán e amigo. Unha aberta fraterna.

Fernando García Cadiñanos
Bispo electo de Mondoñedo-Ferrol

ENLACE VÍDEO: <https://youtu.be/DcXKpOWU4ul>

SERVICIO DIOCESANO DE COMUNICACIÓN

www.mondonedoferrol.org

mcs@mondedoferrol.org

981 353 295 | Fax 981 351 433 | WhatsApp 689 748 679





PRIMER MENSAJE A LA DIÓCESIS DE MONDOÑEDO-FERROL

Benqueridos irmáns e amigos que peregrinades nesa xa benquerida Igrexa diocesana de Mondoñedo-Ferrol:

Desde que me comunicaron el deseo del papa Francisco de que sirviera, a través del ministerio de la unidad, en esa querida porción del Pueblo de Dios, mi corazón y mi pensamiento están ya muy cerca de vosotros. Quiero estar ya muy unido a todos y cada uno, sacerdotes, personas consagradas, vida contemplativa, seminaristas, laicos que participáis en la vida parroquial y diocesana, miembros de movimientos, cofradías y grupos apostólicos, voluntarios y agentes de Cáritas, misioneros, cristianos, hombres del mar y del mundo rural, ciudadanos que habitáis esas tierras periféricas y tan diversas que, en su magnífica belleza, indican la maravilla de la casa común que habitamos... Sentidme un hermano mayor que quiere participar de vuestros gozos y esperanzas, dolores y sufrimientos individuales y sociales. Consideradme un padre y amigo que quiere compartir con vosotros el gozo y la alegría de la fe, el entusiasmo de continuar el proyecto de Jesús, la ilusión de hacer realidad el Reino de Dios entre nosotros, especialmente entre los más pobres. Es mi deseo que todos, desde la pluralidad y la diversidad de carismas y de sensibilidades, nos sintamos convocados a participar y a vivir en esta nueva etapa evangelizadora a la que nos invita el papa Francisco.

Nuestra sociedad es compleja y muy diversa de la que conocimos. La postpandemia también nos llama a un cambio de mentalidad. La crisis no nos ha debido dejar iguales, sino que nos ha tenido que cambiar haciéndonos más sensibles unos de otros, descubriendo la urgencia del cuidado y de la fraternidad como formas especiales de vivir hoy el Evangelio. Vivimos momentos donde es preciso generar mucha esperanza e ilusión. Para ello contamos con la experiencia de la Pascua, la vida nueva que Jesús nos regala, genera y comparte a raudales. Los pobres, los atribulados, los enfermos, los que no tienen sentido de la vida, los solos, los ancianos... son los que percibirán, mejor que nadie, esta buena noticia que hoy queremos seguir compartiendo. Nuestra Iglesia ha de ser “hospital de campaña”, Iglesia “pobre y para los pobres”.

En esta llamada, una vez más siento en mí la fragilidad de la misión de servicio que se me encomienda. Como siempre, percibo que es el Señor el que me vuelve a pedir salir, cruzar a la otra orilla, dejar tantas cosas, vivir esta expropiación... Una vez más estoy convencido de que es Él el que me sostiene, el que me lleva de la mano, me ha guiado y sigue guiando mis pasos y mi historia hacia la plenitud de la alegría. Así lo percibo cuando echo la vista hacia atrás y descubro los caminos por los que me ha conducido y me ha acompañado: caminos y vericuetos nunca pensados, ni soñados, ni imaginados y, desde luego, nunca buscados. Desde esta certeza, hoy me sigo sintiendo un niño pequeño, barro frágil en manos de alguien, el buen alfarero, que va haciendo y construyendo su obra, ahora en una nueva misión.

Vosotros sabéis bien que la Iglesia de Mondoñedo Ferrol es una comunidad de cristianos con una larga tradición y unas profundas raíces. Su voluntad de ser sembradores del Evangelio de Jesús la ha sabido alimentar en torno al obispo san Rosendo y a la devoción a la Virgen de los Remedios a cuya protección quiero ya acogerme y consagrar mi ministerio episcopal. También el Camino de Santiago, tan vinculado con mi querida ciudad de Burgos, con todo lo que significa, nos configura en una espiritualidad de caminantes, peregrinos que acogen, desprendidos en clave de austeridad que comparten con otros el viaje de la vida...

Agradezco la tarea del administrador diocesano D. Antonio Valín y de Mons. Luis Ángel de las Heras, mi antecesor. Ellos son los primeros rostros cercanos de otros muchos que espero conocer y querer y que me han hablado de una comunidad que vive y está en clave de conversión pastoral. Desde la sinodalidad que ha de presidir toda nuestra Iglesia, me uno ya a todo este proyecto misionero sintiéndome discípulo y hermano de cada uno de vosotros. La tarea del pastor es alentar, acompañar, conocer, cuidar, amar, discernir... a eso quiero dedicar ya todo mi ser y mi tiempo. Estoy seguro de que juntos, con la fuerza del Espíritu, podremos fortalecer nuestras comunidades, promover el encuentro con Jesús, cuidar la vida comunitaria, transmitir la fe a las nuevas generaciones, sentirnos misioneros y acompañantes de esta sociedad que tanto necesita de esperanza, ilusión y buenas noticias.

Mi saludo también a todos los que tenéis responsabilidad en la vida pública de esas tierras gallegas. Juntos estamos comprometidos en la construcción del bien común desde la diversidad de empeños. En la colaboración y mutuo respeto, tengo la certeza de que son los últimos los que consiguen mayor beneficio.

Para concluir un último deseo: no dejéis de rezar por mí. Sé que durante estos meses ya lo habéis estado haciendo en la petición de un pastor a imagen del Buen Pastor. Os pido que lo sigáis haciendo. Y ayudadme en esta tarea que estreno, desde la corrección fraterna, para que pueda ser un instrumento bueno en las manos de Dios.

Sentídemme xa como irmán e amigo. Unha aperta de irmán.

Fernando García Cadiñanos

Obispo electo de Mondoñedo-Ferrol

ENLACE VÍDEO: <https://youtu.be/DcXKpOWU4ul>

SERVICIO DIOCESANO DE COMUNICACIÓN

www.mondonedoferrol.org

mcs@mondonedoferrol.org

981 353 295 | Fax 981 351 433 | WhatsApp 689 748 679

